



PRESENTACION

>>>PRESENTACIÓN do ALCALDE<

Ningún dubida a estas alturas que a saúde é un dos tres valores fundamentais das persoas. Da mesma maneira, somos conscientes de que esta non se cingue exclusivamente á atención de enfermos nos centros de saúde e que a prevención cobra cada vez máis importancia.

Conseguir unha poboación sana en termos xerais pasa pola concienciación dos lucenses en hábitos saudables e na xeralización dos recursos públicos que están a disposición dos cidadáns.

Para estende-los costumes hai que coñece-lo estado no que se atopa a nosa poboación. Para iso naceu este estudo, que analiza con todo detalle a distribución e movemento da poboación, a situación e o acceso que teñen os lucenses á infraestrutura sanitaria e, o que é máis importante, a calidade de vida e a saúde ambiental e social que existe actualmente.

Con este estudo damos un paso moi importante para poder actuar de forma debida, é dicir, implicando a tódolos departamentos do Concello. Este documento ofrecerá unha base de traballo fundamental para tódalas Concellerías á hora de elabora-los seus programas.



José López Orozco
Alcalde de Lugo

>>>PRESENTACIÓN da CONCELEIRA de SERVIZOS XERAIS<

É para min un pracer presentar esta publicación, que recolle os eixos principais do Plan Municipal de Saúde do Concello de Lugo, elaborado tras un exhaustivo estudio do estado actual da cidade para coñecer tódalas variables que repercuten nunha diagnose completa.

O coñecemento da demografía actual da cidade ofréceno-la visión necesaria para elaborar un plan de acción que cada vez se facía máis necesario como parte do Plan Estratéxico da Cidade.

A saúde non é competencia exclusiva dun departamento deste Concello, xa que tódalas áreas están implicadas. Medio Ambiente, Deporte, Urbanismo, Servizos Sociais ou Educación teñen unha relación transversal coa saúde, en especial á hora de elabora-los seus programas de actuación.

Con este plan ofrecémo-la necesidade de actuar de forma conxunta no labor de prevención e de creación de hábitos saudables así como un estudio das necesidades sobre este particular en materia de infraestruturas. Este primeiro plan abarca ata o ano 2010 e ofrece o respaldo necesario por parte deste Concello para que a saúde ocupe o lugar preponderante que lle corresponde.



Luisa Zarzuela
Concelleira de Servizos Xerais